



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL UN/UNHA (1) TÉCNICO/A DE TURISMO FINANCIADO DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A CONCELLOS PARA FINANCIAR O GASTO DE PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2018

1.- Por Resolución de Alcaldía núm. 564/2016, **foron aprobadas as Bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 Técnico/a de Turismo e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas similares.**

2.- De conformidade co establecido na Base cuarta, o concello de Malpica de Bergantiños publicou no BOP núm. 227, do 30 de novembro de 2016, as Bases reguladoras do citado procedemento.

3.- Visto o previsto na Base novena das bases anteriores, relativa á creación dunha **bolsa de emprego, listaxe de substitucións e chamamento aos integrantes da listaxe:**

”NOVENA.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO. LISTAXE DE SUBSTITUCIÓN E CHAMAMENTO AOS INTEGRANTES DA LISTAXE.

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes, ordenados de maior a menor puntuación, **incluíndose no primeiro posto ao aspirante nomeado no presente proceso selectivo.**

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na Base 3º das presentes bases.

Acudirase á devandita lista para a selección de traballadores nos seguintes casos:

- 1. Para a realización dunha obra ou servizo determinados (artigo 15.1 a) Estatuto dos Traballadores).*
- 2. Acumulación de tarefas ou excesos puntuais de carga de traballo no posto (artigo 15.1 b) do ET.*
- 3. Substitución temporal dos inicialmente contratados (situacións de incapacidade temporal, permisos, renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba, etc...).*

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos, así como a existencia de crédito orzamentario, o Alcalde-Presidente procederá ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Malpica (acceso a través do seguinte enlace: <https://sede.malpicadebergantinos.es/es/informacion/tablon/>), sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante dilixencia entendida ao efecto.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada nas bases 3ª, 4ª e seguintes, se non o fixese anteriormente, no prazo indicado naquela.

A renuncia, salvo que manifestase por escrito no prazo máximo dun (1) día hábil dende a notificación da oferta, ou á non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista. Os interesados da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude dirixida ao alcalde-presidente.

A duración da bolsa de emprego terá unha validez de 3 anos contados dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreta.

Levarase a cabo un sistema rotatorio de chamamento de compoñentes da listaxe, por orde de puntuación dos aspirantes. Os/as integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas ate que acaden doce meses de traballo, de tal xeito que se a contratación para a que son chamados/as ten unha duración inferior retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista. Cando un/ha compoñente da listaxe acade 12 meses de traballo permanecerá outros seis meses en expectativa de volver a ser chamado, coa finalidade de garantir o sistema rotativo e a igualdade de oportunidades para todos os alistados. A vixencia desta lista será ata que a Corporación a derroque expresamente ou confeccione outra distinta e indique a derogación da que se deriva destas bases.

Causas de exclusión. Serán motivos de exclusión dun/ha integrante da listaxe de substitución, salvo causa de forza maior ou causa debidamente xustificada e apreciada polo órgano de contratación os seguintes:

- a) Non aceptación da contratación ofertada.
- b) Non resposta dentro do prazo fixado, trala realización da chamamento.
- c) Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado/a.
- d) Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido, agás que fose declarado nulo ou improcedente.

Non obstante o disposto na paragrafo anterior respecto das causas de exclusión, aquela persoa que rexeite unha contratación ofertada, sempre e cando se conteste e xustifique en prazo, pasará ao último posto da listaxe de reserva.”

4.- A base 3º das Bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018 (BOP núm.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es/>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

235, do 13 de febreiro de 2017), sinala: **“O persoal deberá ser a través de nova contratación ou pertencer ás listaxes habilitadas para o efecto”**.

5.- **A listaxe de substitucións está vixente ata o 30 de novembro de 2019**, segundo recollido na Base 9º das *as Bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 Técnico/a de Turismo e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas similares*.

6.- Por Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 7709/2018 resolve aprobar a concesión provisional do Programa DP0029: Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o ano 2018, no que sinala unha contía de subvención de 12.301,85 euros (BOP núm.43, do 2 de marzo de 2018).

7.- Por Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña 11.261 publicado no BOP núm. 63, do 4 de abril de 2018, acordouse a concesión definitiva da subvención anterior por importe de 12.301,85 euros.

8.- Por Resolución de Alcaldía núm. 608/2016, do 22 de decembro de 2016, acordouse a contratación dunha técnica de turismo e formación de bolsa de emprego (STL 7/2016), polo que foi contratada María del Carmen Taibo Paz, con DNI 46907522B, que estivo contratada do 01/01/2017 ata o 30/04/2017.

9.- Por Resolución de Alcaldía núm. 232/2017, do 31 de maio de 2017, acordouse a contratación dunha técnica de turismo e formación de bolsa de emprego, polo que foi contratada María del Carmen Taibo Paz, con DNI 46907522B, que estivo contratada do 01/06/2017 ata o 31/10/2017.

10.- Por Resolución de Alcaldía núm. 300/2018, do 12 de xuño de 2018, acordouse a contratación dunha técnica de turismo e formación de bolsa de emprego, polo que foi contratada María del Carmen Taibo Paz, con DNI 46907522B, que estivo contratada do 14 de xuño de 2018 ata o 13 de setembro de 2018.

11.- O día 13 de setembro de 2018, Dona María Taibo Paz, remata o seu último contrato como Técnica de Turismo no Concello de Malpica de Bergantiños.

12.- Visto o informe do Técnico de Xestión Económica de data 15 de outubro de 2018.

13.- Visto o informe de intervención de data 17 de outubro de 2018, sobre o saldo de crédito dispoñible nas aplicacións correspondentes ao proxecto de gasto con financiamento afectado destinado á contratación dun técnico de turismo.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

14.- Visto que a base 9º das as *Bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 Técnico/a de Turismo e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas similares* (Resolución de Alcaldía núm. 564/2016 BOP 227 de 30 de novembro de 2016), regula que de proceder unha nova contratación “cando un/unha compoñente da listaxe acade 12 meses de contratación permanecerá outros seis en expectativa de volver a ser chamado, coa finalidade de garantir o sistema rotativo ...”.

15.- Visto o informe desfavorable de Secretaría de data 17 de outubro de 2018 relativo á contratación dunha Técnica de Turismo.

16.- Visto que a Base 6 das *Bases específicas reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2018* (BOP núm. 235, do 13 de febreiro de 2017), sinala: “**O período mínimo da atención ao público será de 4 meses ...**”

Pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- De acordo co establecido na Base 9º das Bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 1 Técnico/a de Turismo e creación de bolsa de emprego para cubrir prazas similares publicada no BOP núm. 227, do 30 de novembro de 2016, nomeo, para cubrir UN (1) posto de TÉCNICO/A DE TURISMO a dona BARBARA MARTÍNEZ ANDRÉS, candidata nº 2 da Bolsa de Emprego aprobada pola Resolución de Alcaldía 608/2016 de 22 de decembro de 2016:

Nº	APELIDOS E NOME
2	MARTÍNEZ ANDRÉS, BÁRBARA

Así o mesmo de acordo coa Base 9º da convocatoria, en caso de renuncia da anterior ou a non aceptación da oferta implicará que se continuara coa orde de prelación de candidatos:

Nº	APELIDOS E NOME
3	PENA BRANTUAS, VANESA
4	FERNÁNDEZ GARRIDO, MARÍA JESÚS
5	CARRACEDO RIVERA, ANTÍA
6	TRASMONTA MARTÍNEZ, PATRICIA

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

7	REY NOVOA, BEATRIZ
8	CASAI TRILLO, MARÍA VANESSA
9	BLANCO MAGARIÑOS, VERÓNICA
10	REGUEIRA VARELA, MELINA MARIA
11	FERREIRA PIRES, LUANA
12	PICADO DOPICO, LUCÍA
13	SUAREZ BORRAZÁS, ANA ISABEL
14	GÓMEZ DOMINGUEZ, OLGA MARÍA REBECA
15	MONTEAGUDO FARIÑA, MARCOS
16	VÁZQUEZ BULLÓN, DAVID
17	COLLAZO REY, PATRICIA
18	CAVALLO MARTÍNEZ, VANESSA
19	PALLEIRO BÉRTOA, ANGELA
20	RODRIGUEZ SERRAPIO, JOSÉ

SEGUNDO.- Aprobar a contratación da candidata mencionada, e requirila para acreditar, no prazo establecido nas bases, a documentación segundo o recollido na base 9º e no seu caso proceder á formalización do contrato de traballo de natureza temporal de duración determinada, a tempo completo, **2,37** meses, coas seguintes estipulacións:

- Obxecto do contrato: **TÉCNICO DE TURISMO**
- Duración do contrato: servizo determinado **dende a sinatura do contrato ao 31/12/2018.**
- Grupo ou categoría profesional: Técnico de Turismo / Diplomada Turismo (Grupo 2)
- Salario base mensual: 1.298,06 euros. Rateo paga extra: 216,34 euros. Total mes: 1.514,00 euros.
- Xornada Laboral: 37,5 horas/semanais (que poderá incluír sábados, domingos e festivos).

TERCEIRO.- Notificar a presente aos Servizos Económicos do concello aos efectos oportunos e publicar esta resolución na Sede Electrónica e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Malpica de Bergantiños.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr Alcalde Eduardo José Parga Veiga, do que eu, Mónica Pichel García, como Secretaria, e aos únicos efectos de fé pública (RD 1174/1987, de 18 de decembro) dou fé.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es>(Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento(artigo 18.1 b) da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)